



Concello de Castrolverde

Expediente núm.: 51/2023

Procedemento: Subvención perceptores Risga. Contratación de persoal

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS E EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORES DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA), NO SEGUINTE POSTO DE TRABALLO:

- 1 PEÓN/A

1) OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal, en réxime de dereito laboral e Ao 75% de xornada, do seguinte posto de traballo, para a realización do servizo de interese xeral ou social: “ Revalorización de espazos públicos”

- 1 peón/a

A contratación está subvencionada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ó abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023.

Serán funcións a desempeñar polos/as contratados/as, as seguintes: Limpeza, mantemento e coidado dos espazos públicos urbanos: parques e zonas verdes, contorna de edificios e instalacións de uso deportivo, parques infantís e rúas do casco urbano de Castrolverde.

2) MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATOS.-

O modelo de contrato de traballo previsto será necesariamente mediante a modalidade de contrato de traballo temporal de interese social, ao 75% de xornada. A duración do contrato será de nove meses, tendo en conta que os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención (número de expediente TR351F 2023-00000008-02) e de acordo coa orde reguladora da mesma.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, en réxime de dedicación ao 75% de xornada.

3) REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.





Concello de Castroverde

- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Figurar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

4) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

En cumprimento do establecido na citada Orde do 9 de xaneiro de 2023, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, poderán presentarse a este proceso selectivo os/as aspirantes preseleccionados logo da presentación, por parte deste Concello, da Oferta na Oficina de Emprego de Lugo SUR.

Os interesados estarán inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados debendo estar dispoñibles para o emprego.

- a) Número de candidatos a remitir:

Mínimo: 1

Máximo: 3

Os candidatos/as desempregados/as, unha vez notificados pola Oficina de Emprego, deberán presentar no Concello de Castroverde o día 19 de maio de 2023, ás 11:00 horas, no Salón de Plenos do Concello Castroverde, sito na Praza do Concello, nº 2, a solicitude conforme ao modelo do Anexo I, á que achegarán a seguinte documentación:

- Orixinal ou fotocopia compulsada do DNI.
- Documentación que acredite os méritos alegados para a súa valoración.

Neste procedemento non se admitirán as solicitudes dos interesados que non fosen previamente seleccionados pola Oficina de Emprego de Lugo.

5) PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

O procedemento de selección será o concurso, cos seguintes méritos computables:

- CURSOS DE FORMACIÓN:

Por participar en actividades formativas (cursos, seminarios, congresos ou xornadas), organizados, ben por unha administración pública, universidade, centro público de formación ou impartido por empresas ou centros privados homologadas por unha administración pública:

Por cursos de ata 10 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,15 puntos por curso.

Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos por curso.

Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos por curso.

Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,40 puntos por curso.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha non serán valorados.

- MAIOR DE 45 ANOS: 2 puntos.

- TEMPO COMO DESEMPREGADO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO:

- Ata 12 meses: 1

- Máis de 12 meses: 2 puntos.

6) TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O Tribunal Cualificador estará constituída por:

Presidente/a.- Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a.- Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais.- Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Por cada membro do tribunal designarase un suplente cos mesmos requisitos e condicións.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 245 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en





Concello de Castrolverde

que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Castrolverde e na súa páxina web (www.concellodecastrolverde.gal), así como a lista de admitidos e excluídos.

Na devandita resolución indícarase un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

7) PROPOSTA DE SELECCIÓN.-

O Tribunal Cualificador publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web, a relación de aspirantes ao posto de traballo coa puntuación provisional acadada, por orden de puntuación.

Os aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado ao Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

A selección recaerá nos aspirantes que obteñan maior puntuación. No suposto de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da contratación, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes.

8) RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

Á vista da proposta do Tribunal Cualificador e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde-Presidente resolverá o procedemento selectivo e procederá á formalización do contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

9) NORMATIVA.-

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación.

En canto a posibilidade de dirimir as controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos, serán competentes os órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

10) RECURSOS.-

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Castrolverde, no prazo dun mes a contar





Concello de Casto Verde

dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Casto Verde e na súa páxina web, ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro do Concello de Casto Verde e na súa páxina web, na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

O Alcalde-Presidente

Xosé M^a Arias Fernández

Casto Verde, na data da sinatura electrónica á marxe

ANEXO I

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DATA DE NACEMENTO	D.N.I.	NACIONALIDADE
ENDEREZO		





Concello de Castrolverde

CONCELLO	PROVINCIA	C.P.	TELÉFONO/CORREO ELECTRÓNICO
----------	-----------	------	-----------------------------

SOLICITA :

Ser admitido no procedemento selectivo convocado para a contratación laboral temporal dun **PEÓN**, e declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude e que coñezo e reúno as condicións esixidas nesta convocatoria, referidas á data en que remata o prazo de presentación de instancias.

En Castrolverde, a de de 2023.
Sinatura,

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE CASTROLVERDE, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE CASTROLVERDE, con domicilio social na Praza do Conncello s/n.- 27120.- CASTROLVERDE.- LUGO. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente.O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE CASTROLVERDE, calquera modificación que se produza nos datos achegados.

